

MELLORES EXPEDIENTES ACADÉMICOS 2020, NORABOA!!!

O pasado xoves, 24 de xuño, 4 alumnos a alumnas do IES de Ribadeo Dionisio Gamallo, foron convocados/as pola Universidade de Santiago de Compostela para participar no “*Acto de recoñecemento ao mellor alumnado de centros de ensino medio de Galicia*”. Trátase de Javier Pérez Vargas, Juan López Acebo, Violeta Carrero Isla e Ainhoa Baldonado Vila.

Aínda que normalmente se celebraba no Palacio de Congresos e Exposicións, este ano debido ás circunstancias, foi no Salón Nobre de Fonseca da USC e só puideron estar presentes 20 alumnos e alumnas, de tódolos restantes proxectouse unha fotografía e foron nomeados e invitados a participar telemáticamente nun acto que foi retransmitido en streaming a través da canle Youtube da USC.

Trátase de homenaxear a tódolos estudantes que acadan resultados sobresaíntes na ABAU, cunha nota media de 9 entre o bacharelato e a fase xeral da proba á que despois se lle suma a nota da parte voluntaria para ter a nota final de admisión na universidade. Pois tras facer estes cálculos, 4 dos nosos alumnos e alumnas acadaron notas altísimas: Javier e Juan 13,53, Violeta 13,45 e Ainhoa 13,03.

Presidiu o acto o Reitor da USC, Antonio López Díaz e en breve poñeremos o enlace para ver o vídeo.

Dende o IES de Ribadeo, queremos darlles os parabéns polo esforzo realizado e os excelentes resultados acadados. Son un bo exemplo a seguir e un orgullo para nós e as súas familias e dende aquí queremos expresar os nosos mellores desexos para todos eles na nova etapa que comezan.

Noraboa a tod@s!!!